

## CRÓNICA DO NACIONAL MOSCA XUVENTUDE 2019

O xoves 11 de xullo fóronse recollendo os rapaces nos distintos puntos de encontro, agás aqueles que viaxaban cos seus propios pais e acompañantes. Pouco a pouco, coa integración de novos membros na comitiva, o ambiente ía aumentando en ledicia e ilusións a cumprir. Coa chegada ao hotel de concentración a prioridade foi recoller as chaves das habitacións e saír cara o escenario da competición para un primeiro recoñecemento rápido. De volta ao hotel non era mester ser un especialista para ver nas caras dos mozos que a ilusión e a ledicia aumentaran tanto, ou máis, ca masa da empanada despois de fermentar. Cenouse e xa lles faltou tempo para ir aos seus cuartos a poñer as súas ferramentas e equipos listos para o venres.

Venres: 6,30 horas almorzo recollida de plicas e saída cara o escenario. Primeiro contacto co río, contrariamente a outras seleccións nós non pescáramos os escenarios antes da competición, as sensacións dos deportistas son boas e na clasificación da primeira manga o equipo galego é segundo. Xantar e volta á competición. Cando se publican as clasificacións das mangas 1+2 en individual temos a Alex e a Yago 6º e 7º respectivamente, tamén a outros moi ben clasificados, coma Dani 12º, Alfonso 17º e Nico 19º, por citar só aos que están entre os 20 primeiros. Por equipos Galicia queda 3ª a un posto dos vascos.

Sábado: día chave. Os rapaces apertando todo o que poden apertar inician a 3ª manga. Publicada a clasificación das mangas 1+2+3, temos a Yago 2º a tan só tres postos do primeiro, Alex 7º, Nico 13º, Dani 14 e Alfonso 16º. Galicia é segunda por seleccións. Xantar e rumores de que temos moi cerquiña unha tormenta. Os rapaces danse ánimos entre si e consellos ou indicacións a aqueles que pescan en tramos polos xa eles pasaron antes. A comunicación de tódolos deportistas do equipo entre eles é admirable e os apoios mutuos. Finalizada a primeira quenda da 4ª manga seguimos na loita. A unha e tres minutos do inicio da segunda quenda da cuarta manga comunican a suspensión da mesma. Decisión absolutamente lóxica e acertada. Nada xustifica poñer en risco a un deportista nin arriscar temerariamente. Recollida dos deportistas polos postos a toda présa e colaborando tódolos equipos uns cos outros. Os equipos recollían a tódolos deportistas que podían con independencia do equipo ao que pertenceran. En poucos minutos todos estabamos recollidos e seguros. Publicadas as clasificacións finais despois desta incidencia, Galicia é campioa nacional por seleccións e en individuais Yago 4º, Nico 8º, Alex 9º, Dani 10º, Alfonso 14º, Miguel 19º e Fabio 20.

Domingo: Viaxe de volta, satisfeitos, cansados e desta vez apertando o cuíño (e non metaforicamente) ata que a necesidade nos vai levando a coñecer os recunchos máis agochados que imos atopando polo camiño. Hoxe xa todo se quedou nunha anécdota e na satisfacción de sermos protagonistas dun éxito máis do deporte galego e da pesca deportiva galega máis en concreto.

Agradecer á Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda e á Dirección Xeral de Patrimonio Natural a súa aposta e apoio para a xuventude na pesca fluvial de Galicia. Con 12 deportistas participantes neste campionato de España de Salmónidos Mosca Xuventude fomos a admiración e a envexa de tódalas outras delegacións. Cando lles explicábamos quen estaba detrás, quen fixera posible facer isto, a súa admiración aumentaba. Grazas conselleira. Grazas Directora Xeral.